



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE CONTABILIDADE

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A LIQUIDACIÓN DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO DESTA DEPUTACIÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023.

Don VALENTIN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento desta Deputación correspondente ao exercicio 2023, formulada pola Intervención a teor do establecido no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 90.1 do Real Decreto 500/90. O expediente da Liquidación do Orzamento provincial do exercicio 2023 foi formulado polo Servizo de Contabilidade, adscrito á Intervención Xeral, e consta da seguinte documentación:

- Estados numéricos da Liquidación do Orzamento de Gastos e Ingresos
- Remanentes de Crédito a 31 de decembro
- Acta de arqueo a 31 de decembro
- Resultado orzamentario do exercicio 2023
- Remanente de tesourería do exercicio 2023
- Informe da Intervención do 26 de xaneiro de 2024

O detalle das magnitudes económicas de final de exercicio é o seguinte:

A) RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2023:

1. Dereitos Recoñecidos Netos.....	261.603.233,88
2. Obrigacións Recoñecidas Netas.....	251.897.135,48
TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO SEN AXUSTAR I=(1-2)	9.706.098,40
3. Gtos. Financ. Con Remanente de Tesourería.....	56.551.374,66
4. Desviacións Negativas de Financiamento.....	726.661,80
5. Desviacións Positivas de Financiamento.....	4.038.722,22
TOTAL AXUSTES II=(3+4-5)	53.239.314,24
TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	62.945.412,64

B) REMANENTE DE TESOURERÍA DO EXERCICIO 2023:

1) REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	341.904.284,78
2) AXUSTES	7.233.633,97
Saldos de dubidosa cobranza.....	3.274.164,97
Exceso de financiamento afectado.....	3.959.469,00
3) REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (1-2)	334.670.650,81

SEGUNDO: Con base nos datos obtidos sobre a cualificación de Remanentes de 2023, de conformidade co establecido na Base 40ª de execución do orzamento provincial do exercicio 2023 e en aplicación ao principio de prudencia, aprobar a afectación do REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS ao financiamento dos gastos comprendidos nas situacións que a continuación se detallan e ás reservas que se expresan, polos importes que se indican:

A) REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	334.670.650,81 €
B) RESERVAS	278.662.252,58 €
1) Financiamento complementario para a incorporación de Remanentes de incorporación obrigatoria	2.332.548,42 €
2) Incorporación de Remanentes relativos a gastos comprometidos durante 2023	78.211.594,24 €
3) Remanentes de crédito producidos durante 2023 que quedando en fase "A" teñan carácter incorporable	61.597.505,31 €
4) Incorporación de Remanentes relativos a Gastos en fase "RC" de 2023 con carácter incorporable	35.247.664,77 €
5) Reserva de Remanente para financiamento de Compromisos de Gasto adquiridos en exercicios anteriores a 1-1-2023, non incorporables e pendentes de execución	39.474.346,96 €
6) Reserva de Remanente para financiamento de autorizacións de gasto adquiridas no ano 2023 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de comprometer	26.091.633,18 €
7) Reserva de Remanente para financiamento de RC de gastos adquiridos no ano 2023 e anteriores, de carácter non incorporable e pendentes de autorizar	11.933.773,82 €
8) Importe do superávit orzamentario por operacións non financeiras (artigo 32 Lei orgánica. 2/2012)	23.773.185,88€
C) Remanente de TESOURERÍA RESTANTE	<u>56.008.398,23 €</u>

O importe relativo ao Superávit orzamentario por operacións non financeiras, que se inclúe no apartado 8.- do cadro anterior, ascende a 23.773.185,88 €. Con carácter xeral o Superávit de operacións non financeiras debe ser xestionado de acordo co establecido no artigo 32 e na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na redacción dada a estes preceptos pola Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, nos termos que estableza unha lei e deberá terse en conta o establecido na Disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a este precepto pola Disposición final primeira do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro, (*"Investimento Financeiramente Sustentable"*).

Non obstante, hai que indicar que os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de límite de gasto non financeiro das administracións públicas para o exercicio 2023 foron suspendidos por Acordo do Consello de Ministros do 26 de xullo de 2022 e do Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2022.

A contía resultante do Remanente de Tesourería (apartado C) poderá incrementarse nos importes que as unidades xestoras consideren que non son necesarios para atender os gastos contemplados nos puntos 3, 4, 6 e 7 anteriormente citados e na contía que se considere imprescindible do Superávit de operacións non financeiras (apartado B.8)

TERCEIRO: Dar conta da Liquidación do Orzamento de 2023 á Comisión Informativa de Economía, Facenda, Persoal e Réxime Interior na primeira sesión que se celebre a partir da data desta Resolución, e posteriormente ao Pleno corporativo, en cumprimento do establecido no apartado 4 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Así mesmo, remitir copia da Liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento co establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Tamén se remitirá a información establecida na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para a aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.